

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión do día 27 de marzo de dous mil quince, aprobou por asentimento a obrigatoriedade do Programa de Atención a Estudantes de fora da Unión Europea (PATEX), os servizos que o integran e o importe dos prezos segundo o que figura no documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a 8 de abril de dous mil quince, co Visto e Prace do sr. Reitor.

Vº e Prace

O reitor


Juan M. Viaño Rey





Xestión Unificada, Académica e de Servizos, a Estudantes Internacionais

Modificación do Programa de Atención a Estudantado de fóra da UE

A internacionalización da Universidade de Santiago ten sido recoñecida como un dos eixos fundamentais na súa política dos próximos anos. Dentro das diferentes accións, que se concretarán nun futuro Plano Estratéxico de Internacionalización, adquire unha relevancia especial a captación de alumnado internacional, en particular de países fóra da Unión Europea. Estes estudantes presentan unha serie de peculiaridades que fan que un tratamento diferenciado sexa recomendable, tanto desde o punto de vista da integración real dentro da nosa universidade como desde o punto de vista da imaxe e atractivo da Universidade de Santiago de Compostela con respecto a outras universidades do mundo.

Este documento recolle unha serie de medidas, que modifican o Programa de Atención a Estudantado de Fóra da UE (PATEX), aprobado en Consello de Goberno e Consello Social en Maio de 2013. Estas medidas están encamiñadas a trazar un itinerario único e tutelado para todos os estudantes que acceden desde sistemas educativos de fóra da Unión Europea, que inclúa o correspondente apoio na elección de materias, admisión, xestión de matrícula, integración dentro da Universidade e das cidades de acollida, así como a labor de información e difusión da nosa oferta académica, científica e cultural.

O programa materialízase nun novo protocolo de información, xestión e apoio, seguindo un modelo de portelo único. O alumno desde que entra en contacto coa nosa universidade ten un referente único, unha nova Unidade de Estudantes Internacionais, que terá o seu punto de referencia físico no futuro *International Welcome Center*. Esta unidade estará encargada de informar, xestionar e dar apoio aos estudantes, desde a primeira demanda de información até o momento final da súa relación coa USC. Desde o punto de vista organizativo, a unidade actuará de interface entre o alumno e as unidades de xestión correspondentes dentro do organigrama da universidade. Ao mesmo tempo, o alumno recibirá servizos adicionais que axuden a súa integración no noso entorno e a súa formación integral como tal. Tendo en conta que unha das principais motivacións para a mobilidade internacional dos estudantes de educación superior é a experiencia vital e formativa en países distintos do propio, esta última semella de especial relevancia.

Este modelo de xestión ten un custo económico que será en parte asumido pola Universidade de Santiago de Compostela e en parte asumido polo propio alumno ou por fontes externas. Con prezos competitivos a nivel internacional e con perspectiva de axuste a medida que o modelo vaia tendo máis percorrido. Inclúe tamén apoio ás titulacións e centros que reciban máis estudantes extracomunitarios de tal maneira que a integración destes entre o resto do alumnado se realice de xeito adecuado, que contribúa tanto á formación do alumnado procedente dos sistemas alleos como á do alumnado procedente do noso sistema educativo, por contacto con aqueles. A contribución será a equivalente ao 10% do custo dos servizos aquí recollidos.

Aínda que o modelo de xestión única será implementado en todos os niveis académicos, o correspondente a doutoramento será desenvolvido con posterioridade. Este documento é de aplicación, por tanto, para estudos de grao de máster.

Modelo de atención única

O primeiro contacto do estudante coa universidade de acollida é usualmente a solicitude de información, tanto da oferta académica como dos procedementos e prazos de matrícula ou dos servizos e apoio na integración. Este primeiro contacto se canalizará xa a través da Unidade de Estudantes Internacionais que levará a cabo un seguimento destas consultas, en coordinación cos servizos da universidade correspondentes. Unha vez que o estudante decide o seu itinerario académico, a unidade apoiará o proceso de matrícula que será realizado na Unidade de Xestión Académica, incluíndo o cobro e liquidación de matrícula e servizos. Despois desta fase, a Unidade de Estudantes Internacionais axudará na organización do transporte e aloxamento a Santiago ou Lugo e a súa posterior integración na vida universitaria, cultural e social.

Servizos incluídos no programa

Os servizos adicionais que reciben os estudantes extracomunitarios agrúpanse nun paquete único cun custo estimado para o estudante de 2400 Euros para o curso académico 2015-2016. De non existir modificación explícita en cursos académicos posteriores estenderase este prezo de maneira automática. Estes servizos inclúen os seguintes apartados

Comunicación personalizada. Un programa exclusivo de comunicación personalizada, desde o momento no que o estudante decide estudar na USC, para xestionar todos os trámites que deba realizar, así como para facilitarlle toda a información que necesite, tanto para a viaxe como para a súa estancia e matrícula e estudos.

Programa de titorización administrativa. Ofrecerase un programa de acompañamento ao estudante en todas as tarefas administrativas da universidade, tanto nos servizos centrais (admisión, matrícula, ...) como nos centros de destino (facultades, escolas,)

Gratuidade en cursos intensivos para o coñecemento do galego e do español. A través deste programa, ofreceráselle ao estudante a posibilidade de participar en programas de inmersión lingüística nas linguas oficiais da USC

Gratuidade en actividades deportivas e culturais. Entregarase una completa información de todos os servizos propios da Universidade Compostela, como deportes, bibliotecas, Ofrecerase tamén un programa de gratuidade en actividades deportivas e culturais.

Participación no programa titores para a axuda á integración. Este programa permite aos estudantes visitantes ser atendidos por estudantes titores, encargados de introducilos na vida universitaria

Preferencia na concesión de prazas do Sistema Universitario de Residencias. O programa permite aos estudantes ter preferencia na consecución de prazas dentro das reservas para alumnos internacionais nas residencias universitarias.

Xestión dos permisos necesarios para a estancia. Un programa que lle facilita ao estudante a xestión de todos os documentos necesarios para a súa estancia na USC e en Santiago ou Lugo (permiso de residencia, visado..etc) .

Transporte e aloxamento. Un programa de xestión e axuda en todo o relacionado co transporte e o aloxamento do estudante. Inclúense accións como a información e axuda na contratación de aloxamento na cidade de Santiago de Compostela e Lugo, información e xestión de transporte, ...

Prioridade na entrega das credenciais universitarias. No momento da chegada, o estudante recibirá a TUI e todos os documentos necesarios para a súa instalación na USC. Ademais, establecerase una información detallada coas persoas de contacto para cada un dos aspectos contratados

Presentación da cidade. Realizarase un servizo de información completo sobre as posibilidades da cidade de Compostela e de Lugo.

Actividades culturais. O programa contempla a organización dunha serie de actividades que permitan una maior inmersión na cultura galega e española, a través de accións culturais, viaxes, charlas, ...

Exencións

O presente programa será de aplicación a todos/as os/as estudantes que accedan á Universidade de Santiago de Compostela desde sistemas de ensino de países extracomunitarios.

Non obstante o anterior, quedan exentos do programa:

1º) Os/as estudantes nacionais dos Estados membros da Unión Europea ou os que teñan residencia legal en España.

2º) Os/as estudantes matriculados na Universidade de Santiago de Compostela no curso 2014-2015 e que continúen os seus estudos.

Aos alumnos de intercambio por convenios bilaterais, ou outros esquemas de intercambio ou bolsas, seralles de aplicación o subscrito no convenio, na norma ou na disposición correspondente, podendo quedar exentos ou non das medidas recollidas no presente documento.

Os alumnos exentos poden acceder ao programa de maneira voluntaria se así o solicitan.

Progresividade

Aqueles alumnos de postgrao que se matriculen en menos do equivalente a un curso académico (60 créditos) terán dereito a unha redución no prezo dos servizos prestados no programa, por entenderse que existirá unha proporcionalidade entre estes e o tempo de estudo na universidade. Establécense os seguintes tramos

Menos de 20 créditos – Custe dos servizos 800 Euros

De 20 a 40 créditos – Custe dos servizos 1600 Euros

De 40 – 60 créditos – Custe dos servizos 2400 Euros

Para estudos de grao establécese unha progresividade na redución por cursos académicos, por entenderse que as necesidades de prestación de servizos son menores a medida que o alumno está máis integrado.

Primeiro ano – 2400 Euros

Segundo ano – 800 Euros

Terceiro ano – 800 Euros

Cuarto ano – 800 Euros

Como período transitorio, fíxase un prezo de 1600 Euros para o primeiro ano no curso 2015-2016 para os alumnos que accedan a realizar o grao completo.

No caso dos alumnos de grao que realicen unicamente estudos de 1 ou 2 semestres, terán un mínimo de 24 créditos/semestre.